



A Promoción da Saúde Afectivo Sexual desde o Centro de Planificación Familiar Municipal da Coruña

Chus Díaz Anca¹

A finalidade última da Planificación Familiar é promover unha sexualidade e afectividade pracenteira, diversa, libre, responsable e igualitaria entre as persoas. Para tentar acadar este obxectivo tan ambicioso é imprescindible que os centros de Planificación Familiar teñan unha dimensión coeducativa e non só asistencial; isto é, que presten unha atención integral e de calidade.

O modelo afectivo sexual que temos interiorizado na nosa cultura caracterízase por unha sobrevaloración do masculino con respecto ao feminino, pola represión da sexualidade das mulleres, por ser predominantemente heterosexual, coital, ríxido, discriminatorio co diverso..., en resumo, un modelo patriarcal que provoca a desigualdade e diferentes formas de violencia de xénero. Para mudar este modelo tan pouco saudable é imprescindible intervir sobre as actitudes, xa que son estas as responsables das nosas actuacións.

Desde o Centro de Planificación Familiar Municipal de A Coruña tentamos prestar esa atención integral e desenvolver, asemade do labor propiamente asistencial, o antedito traballo educativo programando diferentes accións de sensibilización, información e coeducación. Para levar a cabo esta tarefa baseámonos nun

¹ Chus Díaz Anca é Psicóloga Clínica no centro de Planificación Familiar Municipal-SERGAS de A Coruña desde o ano 1987. Tamén é autora de diferentes artigos e materiais de coeducación afectivo sexual.

modelo de intervención fundamentado nos principios da psicoloxía dinámica e dirixido a promover actitudes saudables e igualitarias entre as persoas. Este modelo, chamado «Estratexia Cuádrupla», ten en conta catro fontes de intervención: a afectiva, a cognitiva e a condutual que, á súa vez, se divide entre a motivación das condutas saudables e a desmotivación das non saudables. Xa que estamos a traballar na educación de actitudes é imprescindible que as profesionais que desenvolvemos a intervención educativa identifiquemos o que transmitimos ás persoas a quen vai dirixida².

De seguido poño algúns exemplos das actividades informativas, de sensibilización e educativas, que programamos desde o centro.

1.- Actividades no propio centro

1.1. *Charlas informativas*

Dirixidas a todas as persoas que acoden por primeira vez ao centro, en que se abordan:

1. Cuestións prácticas sobre o funcionamento do centro: motivos de consulta, poboación atendida, composición do equipo, confidencialidade...
2. Saúde afectivo sexual: Propoñemos unha reflexión crítica sobre o modelo afectivo, emocional e sexual que estamos a transmitir (moitas veces sen sermos conscientes de que o facemos) en cada etapa da vida e sobre todo na infancia, xa que é na infancia cando interiorizamos como bo ou malo o que nos ensinan, sen lle pórmos filtro ningún. Algunhas das cuestións que abordamos son:
 - Transmitimos o mesmo ás nenas que aos nenos? Dámoslles xoguetes ás nenas para que aprendan a coidar, cocinar, pórense guapas? E aos nenos, mercámoslles xoguetes

2 Pódese consultar este modelo de intervención no artigo de Lola Ferreiro Díaz neste mesmo monográfico.

de acción, ciencia..? Son estas algunhas das claves que explican os roles de xénero, a desigualdade e, en último termo, a violencia de xénero?

- Nomeamos os xenitais das nenas (clítoris, vaxina...) igual que os dos nenos?
 - Reprimimos máis ás nenas que aos nenos cando se tocan os xenitais? Isto ten algo que ver con que as mulleres nos masturbamos menos que os homes? Que consecuencias pode ter todo isto na nosa saúde sexual?
 - Educamos desde a infancia no valor que ten a diversidade afectiva e sexual?
 - Escollemos contos nos que aparezan diversos modelos de familias? Cando lle preguntamos a unha nena se lle gusta alguén da súa clase, por que adoitamos preguntarlle se lle gusta algún neno? Por que non lle preguntamos se lle gusta algunha nena ou neno, ou se lle gusta alguén?
 - Cando falamos de relacións sexuais, poñémoslles «apelido»: con estimulación manual, oral, vaxinal, anal? Explícamos os riscos de embarazo non desexado e de infeccións de transmisión sexual asociados a cada unha delas? En suma, promovemos as prácticas sexuais non coitais?
 - En definitiva, somos conscientes do que estamos a transmitir? É saudable este modelo?
3. Anticoncepción: O noso obxectivo é proporcionar a información que cada persoa precise para que poida elixir de xeito libre e responsable o seu propio método anticonceptivo, xa que decidir sobre as distintas opcións reprodutivas é un dereito.

1.2. Obradoiros sobre Saúde afectivo sexual

Cada ano ofertamos diferentes obradoiros para tratar de responder ás necesidades e intereses que imos detectando nas consultas. O ano pasado fíxose un obradoiro dirixido preferentemente

a mulleres maiores de 40 anos, que se chamou «Eu, me, min, comigo: Sexualidade con agarimo». A idea era ter un espazo horizontal onde as mulleres tivésemos a posibilidade de comezar a desposuírnos deses mitos e tabús que pesan nas mochilas persoais e onde dar a benvida ao goce coa pel, ao autocoidado, e ao amor cara nós mesmas; porque decidir que facer coa nosa erótica é un dereito.

2.- Actividades fóra do centro

2.1. *Campañas dirixidas á mocidade:*

Queremos achegar o centro á mocidade e salientar os seus Dereitos Sexuais e Reprodutivos. A que temos agora en marcha leva o nome de «ti decides», porque son elas e eles quen deben tomar decisións autónomas relativas á súa saúde afectivo-sexual e reprodutiva. Nela destacamos aqueles aspectos do centro que cremos que poden ser de interese para a mocidade, como son:

- A confidencialidade e a autonomía: as persoas menores de idade non necesitan permiso familiar para ser atendidas no centro e teñen dereito a que o que alí contan ou consultan quede entre elas e a profesional.
- A atención á diversidade: atendemos a toda a mocidade independentemente da orientación sexual, identidade sexual ou de xénero, e diversidade funcional.
- A atención anticonceptiva e psicoafectiva.

2.2. *Actividades de sensibilización:*

- *Obradoiros dirixidos ás familias*, nos que se traballan diferentes aspectos da educación para a igualdade entre nenas e nenos a través dos contos e facendo fincapé nas pautas que nos permiten valorar se un conto ten elementos que fomentan a igualdade, a coeducación e a diversidade sexual, ou pola contra, alimentan os valores opostos a estes.

- *Contacontos teatrais* sobre saúde afectivo emocional e sexual para a infancia Dirixidos a nenas e nenos entre 4 e 7 anos e ás súas familias, realízanse en todas as bibliotecas municipais. Prográmanse contos teatrais que abordan:
 - Os vínculos afectivos e as relacións coas outras persoas.
 - A prevención dos abusos sexuais na infancia.
 - Os roles de xénero.
 - A construción da identidade sexual e de xénero.
 - As distintas orientacións sexuais e opcións de convivencia.
 - A Curiosidade Sexual.
 - As Novas Paternidades.
- *Obradoiros dirixidos á mocidade*: «Descobre o Pracer de Saber». Ofertamos distintos obradoiros de saúde afectivo sexual ás asociacións xuvenís para mozas e mozos a partir dos 14 anos. Algúns dos obxectivos serían: empoderar as mozas, potenciar a confianza en si mesmas, fomentar a súa curiosidade e alentalas a coñecer os seus dereitos sexuais e reprodutivos. Algunhas das temáticas abordadas son:
 - Que lle pasa ao meu corpo? «Coñecerse»
 - A diversidade mola. «Aceptarase»
 - Desexo e emocións. «Expresarse»
 - Mellor previr e gozar. «Coidando o noso corpo para gozar máis»
 - Isto do sexting, que é? «Navegando pola rede»
 - Primeiras veces de que? «Eu decido cando, como, onde e con quen»
- *Obras teatrais*. Cada ano escollemos algunha obra que propicie unha reflexión crítica dalgún aspecto do modelo sexual que temos interiorizado. Algunhas das obras programadas foron:

- *Sex ou no Sex*. Espectáculo de teatro clown no que se presentan, en clave de humor e tenrura e desde a perspectiva de xénero, temas como a regra, a masturbación, a complicada relación co propio corpo, o orgasmo. E a principal materia pendente para as mulleres: o pracer sen culpa.
- *Un bico/Muxua*. Obra de teatro na que se mostra a relación amorosa entre dous mozos adolescentes. O obxectivo é dar visibilidade ás relacións afectivas non heterosexuais e amosar algunhas das emocións que pode suscitar a homosexualidade.
- «*Abandónatelo mucho*». Nesta obra cuestiónase o mito do amor romántico. Nunha viaxe divertida descubrímonos como princesas, copleras, ionquis, meditadoras, sedutoras...
- *Programas Educativos*. Ofértanse distintos programas de educación afectivo sexual aos centros escolares a través do portal «A Coruña Educa», do Concello da Coruña³.
- *Contos para Emocionar*. É un programa dirixido ao alumnado dos cursos de segundo e terceiro do segundo ciclo de Educación Infantil, que comprende unha serie de «Contos Dramatizados» e de Actividades. Neste programa trabállase, con perspectiva de xénero, a construción da sexualidade e os vínculos afectivos desde o respecto, a confianza, a autoestima, a liberdade e a responsabilidade. Tamén se contempla unha sesión informativa para nais e pais onde se presenta o programa e se aborda a importancia da elección dos contos, animando a facelo con certos criterios, como por exemplo: Temos en conta se teñen elementos que fomentan a igualdade? Escollemos contos nos que se visibiliza a diversidade sexual e as múltiples identidades de xénero?

Despois de cada conto fanse unha serie de actividades complementarias, a cargo do profesorado de cada aula, a quen se

3 Pódese consultar na ligazón: <https://www.coruna.gal/educacion/gl>

Ile entregou previamente un «Caderno para o profesorado» onde se describen algunhas das actividades que poden facer como complemento a cada conto. É importante resaltar que o profesorado adquire o compromiso de dar continuidade a cada unha das sesións con algunha actividade complementaria e de entregar dúas avaliacións: unha sobre os contos e outra sobre o traballo realizado na aula. Escollemos como base deste programa os contos, polo papel que ten a literatura infantil no proceso de socialización. A través dos contos:

- Transmitimos valores, coñecementos e comportamentos, que son os tres elementos que compoñen as actitudes.
 - Interiorizamos as normas e imos construindo o «Ideal do Ego» que, pola súa vez, conforman o imaxinario colectivo.
 - Construimos a propia identidade e a autoestima.
 - Temos referentes nos que recoñecemos.
- *Obradoiros de Saúde Afectivo Sexual.* Están dirixidos ao alumnado de segundo ciclo de ESO, FP de grao medio e Bacharelato. Os principais obxectivos deste programa son:
 - Ofrecer un espazo para que o alumnado teña a posibilidade de reflexionar e cuestionar as diferenzas de valores emocionais, afectivos e sexuais que nos transmiten segundo sexamos mulleres ou homes, e as repercusións que estas diferenzas teñen nas nosas vidas.
 - Visibilizar e pór en valor a diversidade afectiva e sexual.
 - Favorecer a busca de modelos alternativos máis saudables e igualitarios nas relacións afectivas e sexuais.
 - Salientar que, ao realizar estas actividades en coordinación co centro escolar, se potencia a sensibilización do profesorado sobre a importancia da educación afectiva, emocional e sexual desde a perspectiva do xénero e a súa normalización dentro das aulas.

- Teatro Foro: *Vestido de Voda*. Dirixido a mozas e mozos de 3.º e 4.º da ESO, Bacharelato e Formación Profesional de grao medio. É unha peza teatral muda na que se establece un diálogo entre o escenario e o patio de butacas, convertendo ao público no verdadeiro protagonista e promovendo deste xeito unha aprendizaxe activa.

Iníciase cunha representación non verbal de dez minutos, na que se mostra unha relación amorosa non igualitaria entre un home e unha muller. Tras a representación teatral, unha educadora social estimula a realización de preguntas por parte do público á parella protagonista sobre os seus sentimentos, a súa relación... promovendo así unha perspectiva crítica. De seguido, a educadora facilita unha reflexión colectiva ao redor dos temas que aparecen na obra: as relacións de parella, o amor romántico, a maternidade, os roles e estereotipos de xénero, a violencia de xénero e as súas diferentes manifestacións. Para finalizar, ofrécese ao público a posibilidade de identificar as cousas que se poderían variar na obra para cambiar o final da historia e así conseguir que esa relación fose máis igualitaria e saudable. Remátase volvendo representar a obra introducindo os cambios propostos polo público. O obxectivo xeral desta proposta é contribuír á promoción de relacións de bo trato e á prevención da violencia de xénero a través de procesos de sensibilización e reflexión colectiva arredor deste tema.

Todas estas actividades de educación e promoción da saúde afectivo sexual son un dos labores máis importantes deste centro xa que, conforme se apuntou ao principio deste artigo, o obxectivo dos centros de planificación familiar é colaborar na mellora da satisfacción afectiva e sexual da poboación á que atende e para isto resulta imprescindible revisar o modelo patriarcal que todas e todos temos interiorizado en maior ou menor medida e que é o responsable da desigualdade interpersoal entre os xéneros e das violencias machistas.

Para rematar quero resaltar que, segundo a «Carta dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos» recollidos como dereitos humanos nos

tratados internacionais da Conferencia de Poboación e Desenvolvemento de 1994 e da Conferencia Mundial sobre as Mulleres de 1995, as persoas temos:

- «Dereito á atención e protección da saúde sexual e reprodutiva e a servizos de saúde que ofrezan unha atención integral e de calidade».
- «Dereito á recibir unha educación sexual de calidade, libre de estereotipos e prexuizos morais, ideolóxicos ou relixiosos, que favoreza unha vivencia positiva e saudable da sexualidade».

Chus Díaz Anca
C.O.F. A Coruña